

Concello de San Sadurniño

Expediente núm.: 430/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Data de iniciación: 11/05/2023 12:13 2023-E-RC-1236

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que, con data 11/05/2023 12:13, tivo entrada a solicitude de de axuda económica para os gastos de participación no Campionato Mundial de Hip Hop da súa filla Daniela, con núm. de rexistro 2023-E-RC-1236, presentada por:

Interesado	Jose Luis Díaz Rodríguez	*****8681*
------------	--------------------------	------------

Visto que, unha vez estudada a solicitude presentada, incoouse por esta Alcaldía expediente de Concesión Directa de Subvencións Por Razóns de Interese Social, con imposibilidade de concorrencia competitiva, por importe de 300,00€.

Considerando que a fundamentación da axuda que se propón realizar ven dada polo fomento da actividade deportiva para a mocidade, concorrendo exclusivamente na solicitante a posibilidade da súa percepción, xa que é a única membro do equipo representante de España no Campionato Mundial residente en San Sadurniño (o que impide naturalmente a existencia dunha concorrencia competitiva),

Iniciado o expediente e realizada a tramitación establecida na normativa aplicable, que quedou plasmada mediante a incorporación dos informes preceptivos,

Visto que a aprobación corresponde á Alcaldía conforme ao establecido no artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; emítese a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Outorgar a subvención directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario con cargo á aplicación 3340.48000 do orzamento de gastos da Corporación para 2023 a D. Jose Luis Díaz Rodríguez, en representación da súa filla Daniela, por importe de 300,00€, co obxecto da participación da menor no Campionato Mundial de Hip Hop a celebrar en Arizona neste ano 2023 co Clube de Baile Fusion Dance.



Concello de San Sadurniño

SEGUNDO. Achegar como anexo á presente os datos que debe conter a resolución da concesión da subvención.

TERCEIRO. Notificar ao interesado o outorgamento da concesión da subvención, requerirle para a aportación ao Concello de certificado de número de conta e comunicarlle que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 30 de novembro de 2023.

CUARTO. Fornecer a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

